

Estimados socios e socias da SOGAMI,

O meu nome é Lucía Barrera López e actualmente son residente de segundo ano no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Nas seguintes liñas expoñerei cales son os motivos que me levan a presentarme a candidata a vogal de residentes nesta quenda de renovación de cargos, dado que non poderei estar presente na asemblea da SOGAMI por atoparme nun programa de rotación externa de enfermidades infecciosas e tropicais da Universidade Peruana Cayetano Heredia en Lima, Perú.

Para comenzar, a visión global e integradora da nosa especialidade é unha realidade ben coñecida, atopándose cada vez máis enfatizada e presente tanto no día a día da nosa sociedade en xeral coma na labor sanitaria, asistencial e investigadora en particular.

O desenvolvemento de competencias no período formativo é un continuum de actualización que senta as bases para o especialista que seremos nun futuro. É por iso que levar a cabo iniciativas para participar en programas que compaxinen eidos diversos, constitúen unha boa abordaxe multidisciplinar e un eixe vertebrador destacado.

As miñas propostas principais para a consecución do descrito previamente, son:

- Realización dunhas xornadas para residentes de medicina interna de Galicia. Trataríase dun foro onde poder abordar temas diversos (ventilación mecánica, enfermidades sistémicas, infecciosas e uso prudente de fármacos, patoloxía tromboembólica, hepatoloxía, asistencia compartida, ecografía clínica -entre outros-) a modo de charlas, talleres ou discusión de casos clínicos mediante esquema de diagnóstico diferencial.
- Colaboración activa coa vocalía do grupo de formación desta sociedade (especialmente para o proxecto anterior, entre outros).
- Fomentar o traballo en equipo mediante a realización de rexistros e bases de datos multicéntricas co fin de mellorar as competencias no eido da investigación, sendo este, á súa vez, un bo incentivo para os futuros residentes que decidan realizar a especialidade na nosa comunidade e complementar a súa aprendizaxe neste eido.
- Creación dun blogue/páxina web onde se reflctan as experiencias en centros de rotación externa, para ampliar as posibilidades e comparar propostas posibles.
- Novas edicións do curso de ecografía clínica e estatística, dado que por experiencias de compañeiros e mesmamente a propia, tiveron moi boa acollida e foron de utilidade para o traballo do día a día.
- Outros proxectos que xurdan a través enquisas en liña acerca de déficits formativos observados.

Para rematar e realizando un paralelismo coa especialidade na que me formo, (a inabarcable máis apaixonante Medicina Interna), debemos acadar a excelencia formativa para proporcionar aos nosos pacientes a mellor terapéutica e coidados, ademáis de propiciar un ambiente idóneo para a investigación e mailo desenvolvemento do pensamento crítico.

Reciban un saúdo.

Atentamente,

Lucía Barrera López

Residente de Medicina Interna - Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela